

PALABRAS ONOMATOPEICAS

Le o texto e clasifica as accións destacadas onde corresponda.

Para:

Asunto:

Ola, Marta! Xa está! Onte pola mañá naceu a miña irmanciña. É bonita, pero... un pouco aburrida! Non fai máis ca **chorar, mamar, durmir**, volver mamar... Non fai nada! Meus pais sempre lle **bisban** cabo da orella, **arróiana, cántanlle**... pero ela, quieta. Que ganas teño de que medre! Ben, terei que esperar... :-)

Bicos.


Alberte

Faino o bebé

Fano os pais

Escrebe o número que lle corresponde a cada obxecto debuxado.

- 1 chupete 2 berce
- 3 cueiro 4 babeiro



Relaciona cada son coa palabra onomatopeica correspondente.



bisbar



piar



chapuzar

Marca a palabra onomatopeica de cada serie.

- | | | | |
|----------------------------------|----------------------------------|-----------------------------------|----------------------------------|
| ☐ bufar | ☐ buscar | ☐ bulir | ☐ burlar |
| ☐ restar | ☐ renxer | ☐ remar | ☐ reter |
| ☐ trincar | ☐ tocar | ☐ tintinar | ☐ tronzar |
| ☐ chantar | ☐ chiscar | ☐ chapuzar | ☐ chorar |

■ Completa cada oración coa forma verbal anterior que corresponda.

- Vin como o teu irmán _____ nos charcos que hai no camiño.
- Alicia entrou _____ pola porta, viña cansa.
- Ao saltar, as moedas _____ no peto da chaqueta.
- A porta da casa _____ cada vez que a abren.

Escrebe os verbos anteriores xunto coa onomatopea que corresponda.

- _____ ➔ rass-rass • _____ ➔ buf-buf
- _____ ➔ chip-chap • _____ ➔ tin-tin

